

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construcción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Rianxo (expediente IN407A 2022/215-1).

Expediente: IN407A 2022/215-1.

Solicitante: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Instalación de telecontrol en LMT BOI807 apoio 9RAM2KDN//42-A1

Concello: Rianxo.

1) Características técnicas:

-Instalación de interruptor telecontrolado en apoio n.º 9RAM2KDN//42-A1 de formigón existente da LMTA BOI807 Bealo, 7 (exped. 50.669), alimentada pola Subestación Boiro, a substituir por un de tipo celosía C-2000/14.

-Retensado LMTA a 20 kV, de 499 m, condutor tipo LA-110 Al, con orixe no apoio n.º 9R4LQP8V//42 existente da LMTA BOI807 Bealo, 7 (exped. 50.669), alimentada pola Subestación Boiro, e remate no apoio n.º 9RFKF71U//42-A2 existente.

2) Lexislación de aplicación:

- I. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- II. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- III. Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- IV. Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- V. Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de





marzo de 2014).

- VI. Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- VII. Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urgente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así coma no concello. Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este Acordo e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos, sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste Acordo.

Ademais, se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:

<https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña





ANEXO

Relación de propietarias/os, bens e dereitos afectados

Abreviacións:

ML. aér.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ML. sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

M² aér.: superficie de servidume aérea en m².

M² sot.: superficie de servidume soterrada en m².

Número de predio: 1.

Paraxe: Lg Cornes.

Referencia catastral: polígono 70-parcela 7743.

Cultivo: rústico e agrario.

Propietaria/o: CMVMC Feitoso e Consellería do Medio Rural

Afección de solo en pleno dominio:

- Apoio num.: 9RAM2KDN/42-A1
- M²: 2,0.

